

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DOS GASTOS PARA ÁS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN AOS ÓRGANOS COLEXIADOS (EXCMO. CONCELLO PLENO, XUNTA DE GOBERNO LOCAL E COMISIÓNS DO PLENO), RELATIVAS AOS MESES DE MAIO A OUTUBRO DO PRESENTE EXERCICIO, ASI COMO A ESTIMACIÓN DAS SINALADAS ASISTENCIAS A REALIZAR NO MES DE NOVEMBRO.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 55-2024, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas dos gastos para ás asistencias dos membros da corporación aos órganos Colexiados (Excmo. Concello Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións do Pleno), relativas aos meses de maio a outubro do presente exercicio, así como a estimación das sinaladas asistencias a realizar no mes de novembro.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1573/2024 do 07.11.2024 e RCMOD Ref.: 74505/2024 do 07.11.2024, por importe de 18.000 €.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso débese considerar que, involuntariamente, non se consignou inicialmente no orzamento o importe preciso para a cobertura ata o remate do ano destas asistencias, enténdese que por unha pequena indefinición no servizo que debería ter subministrado estes datos orixinariamente. Por tanto non se trata de que se realice un gasto superior á previsión inicial, senón que se dá cobertura aos importes previsibles.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 18.000 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2879361593738579579.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 55-2024 Asistencias órganos colexiados

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
93301.22700	18.000,00 €	91200.10001	18.000,00 €
TOTAL	18.000,00 €		18.000,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.